Orde do 3 de marzo de 2008 pola que se constitúe o colexio rural agrupado de Monterrei da provincia de Ourense.

Examinado o expediente sobre a constitución do colexio rural agrupado de Monterrei, tramitado pola Delegación Provincial de Ourense.

Visto o Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e a Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro), que desenvolve este decreto.

Esta consellería, en virtude do establecido no artigo 6.3º do referido regulamento, e por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Constituír o colexio rural agrupado de Monterrei, cos datos que figuran no anexo desta orde.

Segundo.-Integrar no colexio rural agrupado de Monterrei as escolas, que se suprimen como tales, de: EEI da Xironda (código 32004416), EEI de Vences (código 32015761), EEI de Vilaza (código 32007648), EEI de Feces de Abaixo (código 32015864), EEI de Pazos (código 32014768).

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de marzo, de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: Ourense.
Concello: Monterrei.
Localidade: Albarellos.
Enderezo: antiga EEI Campo do Souto, s/n.
Centro: colexio rural agrupado de Monterrei.
Código de centro: 32020801.
Zona educativa: Verín.
Unidades: 5 EI.

Localidade	Concello	Postos de traballo	
		EI	EP
Xironda, A	Cualedro	1	
Vences	Monterrei	1	
Vilaza	Monterrei	1	
Feces de Abaixo	Verín	1	
Pazos	Verín	1	
		Profesorado especialista:	
		Educación infantil	1
		Educación física	1
		Filoloxía inglesa	1
		Educación musical	1
		Audición e linguaxe	1
		Total postos	10

Resolución do 15 de febreiro de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos nas convocatorias de xuño e de setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

A Orde do 2 de abril de 2002 (DOG do 25 de abril), pola que se establecen as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de 18 anos, establece no seu artigo 4 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará anualmente as citadas probas, e no seu artigo 3 que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais autorizará os centros nos que se realicen as probas por proposta da delegación provincial correspondente.

En consecuencia, e en relación coa convocatoria das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2008, esta dirección xeral

RESOLVE:

Convocar as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria no ano 2008 conforme se indica nas epígrafes seguintes:

I. Condicións dos aspirantes.

1. Poderanse inscribir para a realización das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria aquelas persoas que teñan cumpridos 18 anos con anterioridade ao 31 de decembro do ano 2007.

2. Os alumnos matriculados de forma oficial nas ensinanzas de adultos de nivel III, nas modalidades presencial ou a distancia, para facer a inscrición nas probas libres deberán presentar ante a dirección do centro a renuncia ao dereito a ser avaliado pola matrícula oficial. A renuncia realizarase con anterioridade á presentación da solicitude de matrícula nas probas libres, xuntando copia da devandita renuncia á solicitude. O incumprimento deste requisito leva á perda do dereito a ser avaliado na proba libre.

3. Para a realización das probas, os aspirantes acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

II. Contidos da proba.

1. As áreas constitutivas da proba están integradas nos seguintes grupos:

a) Grupo lingüístico. Comprenderá exercicios das áreas de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e lingua estranxeira.

b) Grupo científico-tecnolóxico. Comprenderá exercicios das áreas de matemáticas, ciencias da natureza e tecnoloxía.